



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BRIÓN

Aprobación das bases para a contratación de persoal ao abeiro do programa Aprot Rural 2025

ANUNCIO

Por resolución de alcaldía do 6 de xuño de 2025, aprobáronse as bases que se transcriben a continuación:

BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA EXECUCIÓN DE LIMPEZA DE FAIXAS SECUNDARIAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE BRIÓN, (SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, PROGRAMA APROL RURAL ANO 2025).

1) Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a contratación de 3 operario/as forestais para a limpeza de faixas secundarias municipais no Concello de Brión.

2) Número de prazas.

Tres peóns forestais.

3) Tipo e duración do contrato.

A modalidade da contratación será de contrato laboral temporal, a xornada completa por un período de nove meses, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405) previsto no Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ademais da normativa especificada nas bases específicas que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprot Rural).

A duración do contrato será como máximo de nove meses, e coas retribucións fixadas para o grupo V no anexo I do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Brión (BOP núm. 43, do 01.03.2019) coas actualizacións legalmente establecidas; os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

4) Obxecto do contrato.

O persoal contratado realizará o traballo de xestión da biomasa e limpeza de faixas secundarias municipais no Concello de Brión.

5) Requisitos xerais dos aspirantes.

Requisitos de carácter xeral:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos a data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Ter cumpridos os 16 anos da idade e non acadar a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.
- Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

Requisitos de carácter específico:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego, na ocupación de Peón Forestal no Servizo Público de Emprego de Galicia. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

- Figurar como persoa candidata na listaxe remitida pola Oficina de Emprego de Santiago – Norte como resposta á oferta de emprego do Concello de Brión para esta selección.
- Non ter sido contratada por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o contrato fose formalizado en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (segundo o padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

6) Taxas por dereitos de exame.

(Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, publicada no BOP núm. 66, do 23.03.2009, e modificación posterior publicada no BOP núm. 30, do 14.02.2011). Agrupacións profesionais ou asimilado: 10,00 €.

7) Publicidade da convocatoria.

O artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 regula os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras.

O Concello de Brión dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección por anuncios no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Brión, na páxina web municipal (www.concellodebrion.gal) e no Boletín Oficial da Provincia e presentará unha oferta de emprego ante a oficina de emprego de Santiago Norte facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas traballadoras a contratar.

O Servizo de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, remitindo novas persoas candidatas se o concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou rexeitamento voluntario ou non comparecencia dos remitidos, tendo en conta que non poden repetir aqueles que estiveran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE) debendo remitir ao concello as persoas candidatas correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no art. 14.6 da Orde do 05/03/2025 citada anteriormente.

8) Presentación de solicitudes.

Os/As aspirantes presentarán instancia (Anexo I) para participar neste proceso dirixida ao Sr. Alcalde no **Rexistro Xeral do Concello de Brión, dentro do prazo de 3 días hábiles que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se comunique as persoas candidatas que o seu currículo foi enviado pola oficina de emprego**, previa presentación da oferta de emprego correspondente por parte do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada por copia de:

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Orixinal ou fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia, así como da titulación requirida. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.
- c) Tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- d) Declaración xurada de non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE) (Anexo II).
- e) Se e o caso, certificado que acredite, como mínimo, Celga 1 ou equivalente.
- f) Documento de autoliquidación e/ou xustificante bancario do aboamento dos dereitos de exame por importe de: 10,00 euros.

As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar una declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

As demais persoas aspirantes estranxeiras, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitadas a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

As persoas aspirantes quedan vinculadas ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

9) Admisión de aspirantes.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se e o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no taboleiro de edictos do concello e na web municipal (www.concellodebrion.gal), e esta publicación será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Posteriormente o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do concello e na web municipal (www.concellodebrion.gal). Na mesma resolución o alcalde designará aos membros do órgano de selección do procedemento e determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición.

10) Tribunal. Comisión avaliadora.

De non existir aspirantes excluídos/as, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

Tribunal:

1.- O tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Vogais:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Secretario/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Todos os membros do tribunal deberan posuír nivel de titulación igual ou superior a esixida para o acceso as prazas convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, dous dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a Presidencia e a Secretaría.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaran a autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes as sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

9) Selección.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 15 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

A) Fase de oposición:

1.- Realización dunha proba teórico-práctica, nun tempo máximo de 15 minutos, que consistirá en avaliar as seguintes capacidades directamente relacionadas co obxecto do posto (a puntuación máxima será de 10 puntos, outorgándose un máximo de 5 puntos en cada apartado):

1a – Parte práctica: 5 puntos.

- Manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolverá o traballo.

- As aptitudes profesionais.

- Utilización das medidas de protección.

- O tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.

1b – Parte teórica: 5 puntos.

Responder a 5 preguntas tipo test con tres respostas sobre o seguinte temario:

- Partes da maquinaria coas que desenvolverá o traballo: rozadoira, motoserra, así como as medidas para o seu coidado e mantemento.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

2.- Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG no 146, do 30 de xullo de 2007.

B) Fase concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso, e puntuarase cun máximo de 5 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional:

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo: peón forestal: 0,25 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos, acreditarase mediante certificado de empresa ou informe vida laboral (xuntando contratos) ou certificado de servizos prestados no caso de Administración Pública.

A puntuación máxima a outorgar polo concepto “experiencia profesional” será de 4 puntos.

b) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas e relacionados co posto de traballo, ata un máximo de 1 punto.

-. Cursos de máis de 100 h: 1 punto.

-. Cursos de 50 a 100 h: 0,75 puntos.

-. Cursos de 16 a 49 h: 0,50 puntos.

-. Cursos ata 15 h: 0,25 puntos.

-. Cursos nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

A puntuación máxima a outorgar polo concepto “formación” será de 1 punto.

10) Proposta de nomeamento e resolución.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de nomeamento e listaxe de suplentes, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que podan ser contrata-

das. As persoas candidatas seleccionadas serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na fase de oposición, de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación no concurso de méritos, de persistir o empate realizarase un sorteo entre os candidatos que obtiveron igual puntuación.

A acta do tribunal publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, na que aparecerá o listado coas puntuacións por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro xeral do concello.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da alcaldía na que se aproba esta lista de contratación. Esta resolución será publicada no taboleiro do concello e na páxina web municipal e substituirá as notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

11) Funcionamento da bolsa de emprego.

As persoas candidatas que superen o proceso de selección e non resulten seleccionadas para o posto de traballo por non acadar a puntuación suficiente pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o concello poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo sempre e cando as persoas candidatas cumpran os requisitos establecidos no apartado terceiro para ser admitidos/as e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o remate do contrato.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

12) Presentación da documentación.

1. A persoa proposta presentará no Rexistro xeral do concello, no prazo de 2 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, os seguintes documentos:

a) Informe médico oficial actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes o posto de traballo ao que se opta.

b) Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

c) Declaración responsable de non estar incuso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

d) Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

e) Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.

2. A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, á nulidade dos actos do tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo a orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo elo como consecuencia da citada anulación.

13) Incidencias.

1.- As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente.

te, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas bases, será de aplicación:

- Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade de no emprego e a transformación do mercado de traballo.

- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

Brión, 6 de xuño de 2025

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

ANEXO I

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome e apelidos:

NIF:

Enderezo a efectos de notificación:

Municipio:

Provincia:

Telefono móbil:

Correo electrónico:

EXPÓN e SOLICITA:

- Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación de: Tres operarios/as forestais para a brigada municipal, como persoal laboral para a realización de xestión da biomasa e limpeza de franxas secundarias do Concello de Brión ao abeiro do programa APROL RURAL 2025.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpo todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente se aportará.

- Que autorizo o Concello de Brión para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Aportase a seguinte documentación (marcar cunha X):

☐ Fotocopia do DNI.

☐ Fotocopia do título de Celga 1.

☐ Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.

☐ Documentación acreditativa dos méritos.

☐ Documento de autoliquidación e/ou xustificante bancario do aboamento dos dereitos de exame por importe de: 10,00 euros.

Lugar, data e sinatura.

Sr. Alcalde do Concello de Brión.

2025/3780